

A OV430 presenta a súa ‘Tempada 2022’



- **Un ciclo de concertos que comezará este mes de xaneiro e estenderase ata maio**
- **Foi presentado este martes no Concello de Vigo xunto ao alcalde Abel Caballero e ao concelleiro de Cultura, Abel Losada**
- **A programación inclúe cinco concertos con invitados de luxo, e é posible grazas ao apoio do Concello de Vigo**

A Orquestra Vigo 430 presentou este martes en Alcaldía a súa programación para os próximos meses. **‘Tempada 2022’** consiste nun ciclo de concertos para o período **xaneiro a maio de 2022**, composto por **cinco programas** que se caracterizan pola súa gran variedade, e que serán interpretados, como vén sendo habitual habitual, polas formacións de música de cámara, sinfónica e barroca.

Así, no presente 2022, a Orquestra Vigo 430 decidiu ampliar o habitual ciclo de primavera -circunscrito unicamente aos meses de marzo, abril e maio- aos meses de xaneiro e febreiro, substituíndo a antiga denominación pola mencionada “Tempada 2022”.

O anterior é posible grazas ao incremento do apoio económico por parte do Concello de Vigo, o que permite ampliar o número de concertos ofrecidos á cidadanía pola Ov430 sen que a calidade habitual dos mesmos véxase mermada. Esta tempada de concertos terá a súa continuación no “Ciclo de Outono”, que chegará puntualmente no mes de outubro.

A programación contará, como sempre, con **invitados de auténtico luxo**. Grazas a iso teremos a oportunidade de gozar en Vigo de visitas de figuras internacionais, como a violinista holandesa **Rosanne Philippens**. Philippens, neste mes de xaneiro -o próximo día 28-, levará a cabo a súa segunda colaboración coa orquestra -a primeira tivo lugar pouco antes de desatarse a pandemia, e deixou un grato recordo na cidade-. Nesta ocasión, farao de novo como solista e como directora, nun programa que promete ser realmente espectacular, coa disruptora 3ª Sinfonía de Beethoven sumada ao soado concerto para violín de Brahms.

A este gran concerto sinfónico seguiranlle dúas propostas de música de cámara moi diferentes: en febreiro -o día 19-, **membros da sección de vento da OV430** interpretarán ‘Música seleccionada orixinal para quinteto de metais’; en marzo con todo, o día 26, teremos a ocasión de escoitar outra obra de Brahms, neste caso para corda, como é o xenial Sexteto N°2 op.36. Neste concerto, o Ensemble Vigo 430 contará coa colaboración da violinista **María Florea** - unha habitual xa nas programacións da formación viguesa- e tamén coa violista exipcia **Sindy Mohamed**, artista residente este ano da Orquestra Vigo 430.

Os días 23 e 24 de abril, regresará a orquestra sinfónica. Farao cunha **proposta nova**, destinada sobre todo ao público familiar, infantil e xuvenil, como será o programa titulado “**As aventuras do Príncipe Achmed**”, no que o público poderá visionar a película orixinal de Lotte Reiniger (1926) titulada da mesma forma, e que é a longametraxe animada máis antigo que chegou ata os nosos días, realizado cunha laboriosa técnica de siluetas. A música foi composta especificamente para esta película polo compositor vigués **Brais González**, e a orquestra estará dirixida por **Isabel Rubio**, quen será unha tempada máis directora asociada da OV430.

O ciclo terá un **broche de ouro** o próximo 27 de maio. Será cun concerto da formación da orquestra especializada na música barroca da OV430, que nesta ocasión contará como solista coa virtuosa intérprete de frauta de pico **Lucie Horsch** -unha das artistas máis

requiridas do momento en toda Europa-, quen interpretará concertos para este instrumento de Bach, Vivaldi, Telemann e Sammartini.

A Orquestra Vigo 430 aproveita este inicio de ano tamén para dar a coñecer o seu o seu novo programa de '**Socios protectores e abonados**', que amplía a figura existente ata a data de 'Amigos da orquestra'-, e que busca recompensar con numerosas vantaxes aos seguidores que realizan achegas económicas anuais para apoiar o proxecto. Toda a información sobre este novo programa pódese atopar na web **www.vigo430.com**